



## **Ante o feminicidio de Beatriz Lijó en Baiona.**

Compañeiras, o domingo coñeciamos a terrible nova dun tráxico suceso en Baiona, este luns confirmáronse as nosas sospeitas, un novo feminicidio na Galiza. Desde o feminismo galego activamos o noso protocolo de alarma, que ten como obxectivo organizar unha resposta contundente que se materialice en mobilizacións en repulsa aos feminicidios por todo o País.

Desde o ano 2010 son 69 as mulleres que foron asasinadas na Galiza, hoxe concentrámonos de novo en diferentes puntos do País en sinal de repulsa. Estas son as cifras da vergoña, que se verán incrementadas cando sexan esclarecidos os casos pendentes dos que non esquecemos.

Na loita contra os feminicidios seguimos agardando a que o mundo institucional deixe de gardar minutos de silencio e comece a preocuparse pola vida e pola seguraza das mulleres, de nada serven lazos lilás se a realidade son políticas criminais e abusivas contra as mulleres. Estamos a un mes da data internacional do 8 de marzo, tinguíranse Concellos, Deputacións e Subdelegacións de lilás e de hipocrísia, seguiremos sumando máis outra data na que se decreta un loito mais non se fan políticas reais para as mulleres.

Estamos fartas de ver un Partido Popular no goberno da Xunta de Galiza cun presidente que como primeira campaña de igualdade da Xunta empregou o lema "non debería pasar pero pasa", que hai poucos días volveu saltar a polémica polo financiamento da Xunta a campañas misóxinas. Non queremos que nos governe un partido machista, non queremos leis machistas.

Organizamos a raiba fronte quen nos quere destruír, construímos discursos inclusivos en todos os ámbitos nos que participamos porque nós si somos feministas o ano todo, porque sen organización e sen loita non hai dereitos para as mulleres. Exiximos que dunha vez se faga unha cobertura dos feminicidios con perspectiva de xénero, que se aborde desde idades temperás a violencia machista, que se combatan os estereotipos, que se cuestione o poder.

Exiximos que a lei galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero sexa efectiva. Exiximos recursos suficientes para aborda este problema e un compromiso real para acabar co terrorismo machista.

Somos o berro das que non teñen voz, é por iso que hoxe non queremos minutos de silencio porque o silencio é cómplice da violencia machista que nos asesina ano tras ano.

Temos dereito a ser libres, iguais e a estar no mundo sen pagar por esa liberdade. Querémonos libres, querémonos vivas e seguiremos en marcha até que todas sexamos libres!